

A calidade é un compromiso estable da alta dirección (Xunta Directiva de ÍNTEGRO); asegurándose da mellora continua, da satisfacción e das necesidades das *partes interesadas*, así como cos requisitos legais, regulamentarios da norma UNE-EN ISO 9001:2015.

Os **compromisos** que adquirimos coa Asociación son:

- Adecuar a política de calidade ao contexto da organización, aliñándoa cos estatutos da Asociación, así como coa misión, visión e valores da mesma.
- Lograr un equilibrio permanente, equitativo entre o incremento de novas persoas usuarias e a calidade dos nosos servizos, e promover a continuidade e mellora dos mencionados servizos.
- Aplicar un sistema de mellora e avaliación continua no sistema de calidade A calidade é un obxectivo permanente de mellora continua.
- Proporcionar un marco de referencia para establecer e revisar os obxectivos de calidade para a súa mellora continua.
- Garantir a transparencia na xestión da asociación.

Os **compromisos** que adquirimos coas diferentes partes interesadas son:

### **Coas persoas con diversidade funcional**

- Ofrecer unha atención individualizada e cubrir e respectar as súas necesidades (desenvolvemento dos Plans individualizados de atención PIAS).
- Fomentar a igualdade de oportunidades no ámbito rural.
- Facilitarlle os recursos e apoio persoal necesarios para acceder a unha vida autónoma sen esquecer que eles son os protagonistas de devandito proceso.
- Respectar a intimidade no tratamento dos datos persoais das persoas con diversidade funcional, que pola súa natureza sexan confidenciais.

### **Coas familias das persoas con diversidade funcional**

- Fomentar a participación e implicación das familias nos procesos que impliquen ás persoas usuarias (PIAS).
- Fomentar a dispoñibilidade dos/as profesionais e o trato próximo e respectuoso ante as súas demandas.
- Promover a continuidade e a mellora dos servizos e programas.
- Garantir a transparencia na xestión da asociación.

### **Cas/os profesionais da Asociación**

- Establecer canles de información e comunicación que faciliten a participación e os compromisos das/os profesionais cos obxectivos de calidade do programa.
- Atender as necesidades de formación continua das/os profesionais.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Garantir a estabilidade laboral e recoñecemento profesional.

	<h1>POLÍTICA DE CALIDADE</h1>	<p>Código: PC-PXC01  Edición: 01  Data: 13/09/2019  Páxina: 2 de 2</p>
---	-------------------------------	--

### Cos provedores

- Establecer canles de información e comunicación que faciliten a participación e os compromisos dos provedores co sistema de xestión de calidade (certificados).
- Cumprimento co contrato de prestación de servizo e/ou produto.

### Coas entidades públicas e privadas

- Establecer canles de información e comunicación que faciliten e permitan o coñecemento da nosa labor.
- Xustificación dos programas subvencionados segundo a orde e/ou convocatoria.
- Difusión social da colaboración obtida.

### Coas persoas asociadas e a comunidade

- Facilitar, dar a coñecer e promover a participación nas actividades, servizos e programas da Asociación.
- Promover o voluntariado.

### Cos medios de comunicación

- Ofrecer unha imaxe aliñada coa filosofía de entidade.
- Dar a coñecer actividades, servizos e programas da Asociación.
- Visibilizar a diversidade funcional.
- Sensibilizar sobre o uso axeitado da terminoloxía arredor da diversidade funcional.

Esta **política de calidade**, unha vez **aprobada será comunicada** a toda a organización mediante:

- Exposición do documento, nun lugar visible, para que poida ser consultada por todas as partes interesadas.
- Entrega do "**Manual da Acollida**" de novos/as profesionais que se incorporen a entidade.
- Calquera cambio na política de calidade será comunicado a todas as persoas da organización e as partes interesadas.

Nantón 13 de setembro do 2019

Asd. Adolfo López Baña



O Presidente